

BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

D.L.: C-1-1958

XOVES, 29 DE MAIO DE 2025 JUEVES, 29 DE MAYO DE 2025 | BOP NÚMERO 101

## ADMINISTRACIÓN LOCAL **MUNICIPAL**

# **BERGONDO**

#### Secretaría

Bases do VI Concurso de Poesía Filomena Dato

#### **EDICTO**

Con data 22 de maio, por acordo da Xunta de Goberno Local, aprobáronse as bases do VI Concurso de Poesía Filomena Dato do concello de Bergondo, que transcritas literalmente din:

### "VI Concurso de Poesía Filomena Dato. Concello de Bergondo

- 1- O concello de Bergondo convoca a 6ª edición do Premio de Poesía Filomena Dato.
- 2- Poderán optar ao premio todas as autoras e autores maiores de idade, de calquera nacionalidade, sempre que o orixinal que presenten estea escrito en lingua galega. Non poderán presentarse ao concurso gañadoras ou gañadores en edicións anteriores.
  - 3- Fíxase un premio único de 2500€. Sobre a contía do premio serán aplicadas as retencións oportunas.
- 4- Os traballos cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. As autoras e autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.
- 5- Os traballos presentaranse por cuadriplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados (preferiblemente) ou encadernados, e paxinación numerada. Cada copia dos traballos presentarase cunha capa na que figuren o título da obra e o lema ou alcume da autora ou autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra.

A plica conterá no interior o nome e apelidos da autora/ autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.

6- As obras presentaranse na Casa da Cultura, Concello de Bergondo, (oficinas administrativas) Estrada da Coruña, 12, **15165**.

O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o 31 de xullo de 2025.

7- As deliberacións do xurado son secretas. A súa decisión farase pública no mes de outubro e o acto de entrega do premio terá lugar antes do 31 de outubro de 2025, acto no que se contará coa presenza da autora ou autor. O xurado pode declarar deserto o premio.

As obras e as plicas presentadas non se devolverán e destruiranse unha vez finalizado o proceso do fallo.

- 8- O xurado estará presidido pola alcaldesa do Concello de Bergondo, ou persoa na que delegue, e estará formado por outros tres membros, cuxa identidade será revelada o día do fallo do galardón.
  - 9- O orixinal gañador xunto co nome e apelidos da autora ou autor darase a coñecer aos medios despois do fallo.
- 10- O autor/a da obra gañadora asinará o correspondente contrato de edición coa empresa adxudicataria do contrato de servizos, Apiario SL. Conservará a propiedade intelectual da súa obra, a excepción da primeira edición, cuxos dereitos de explotación se entenderán cubertos co abono do premio e a entrega de 15 exemplares. En posteriores edicións farase constar a condición de premiada na edición correspondente do Premio de Poesía Filomena Dato do Concello de Bergondo.
  - 11- Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.
  - 12- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.
  - 13- Toda a información relativa a este concurso publicarase na web municipal: bergondo.gal

Número de anuncio 2025/3341

#### VI Concurso de Poesía Filomena Dato. Concello de Bergondo

Xoves, 29 de maio de 2025

- 1- El ayuntamiento de Bergondo convoca la sexta edición del Premio de Poesía Filomena Dato.
- 2- Podrán optar al premio todas las autoras y autores mayores de edad, de cualquier nacionalidad, siempre que el original que presenten esté escrito en **lengua gallega**. No podrán presentarse al concurso ganadoras o ganadores en ediciones anteriores.
  - 3- Se fija un premio único de 2500€. Sobre la cuantía del premio serán aplicadas las retenciones oportunas.
- 4- Los trabajos con una **extensión mínima de 500 versos**, serán originales, inéditos y no premiados en otros concursos en el momento de las deliberación del jurado. Las autoras y autores se responsabilizan de comunicarle a la organización, de una manera inmediata, la concesión de otros premios alcanzados a partir de la remisión de los originales.
- 5- Los trabajos se presentarán por cuadriplicado, mecanografiados con doble espacio por una sola cara, debidamente grapados (preferiblemente) o encuadernados, y paginación numerada. Cada copia de los trabajos se presentará con una capa en la que figuren el título de la obra y el lema o apodo de la autora o autor, coincidiendo en el exterior con el sobre cerrado que debe acompañar a la obra.

La plica contedrá en el interior el nombre y apellidos de la autora/ autor, DNI, dirección, numero de telé fono, correo electrónico y un breve currículo que incida en la su trayectoria literaria si la hubiera.

- 6- Las obras se presentarán en la Casa de la Cultura, Ayuntamiento de Bergondo, (oficinas administrativas) Estrada de A Coruña, 12, 15165.
  - El plazo de admisión de originales estará abierto hasta el 31 de julio de 2025.
- 7- Las deliberaciónes del jurado son secretas. Su decisión se hará pública en el mes de octubre y el acto de entrega del premio tendrá lugar antes de 31 de octubre de 2025, acto en el que se contará con la presencia de la autora o autor. El jurado puede declarar desierto el premio.

Las obras y las plicas presentadas no se devolverán y se destriurán unha vez finalizado el proceso del fallo.

- 8- El jurado estará presidido por la alcaldesa del Ayuntamiento de Bergondo, o persona en la que delegue, y estará formado por otros tres miembros, cuya identidad será revelada el día del fallo del galardón.
- 9- El original ganador junto con el nombre y apellidos de la autora o autor se dará a conocer a los medios después del fallo.
- 10- El autor/a ganador firmará el correspondiente contrato de edición con la empresa adjudicataria del contrato de servicios, Apiario SL. Conservará la propiedad intelectual de la obra, a excepción de la primera edición, cuyos derechos de explotación se entenderán cubiertos con el abono del premio y en la entrega de 15 ejemplares. En posteriores ediciones se hara constar la condición de premiada en la edición correspondiente del **Premio de Poesía Filomena Dato del Ayuntamiento de Bergondo.** 
  - 11- Le corresponde al jurado la interpretación de las presentes bases.
  - 12- La participación en esta convocatoria supone la total aceptación de estas bases.
  - 13-Toda la información relativa la este concurso se publicará en la web municipal: bergondo. gal

Bergondo, 23 de maio de 2025

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

2025/3341